



ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO SOCIAL
25.03.2024

LUGAR: Aula 1 do edificio Redeiras (O Berbés – Vigo)

DATA: 25.03.2024

HORA DE COMEZO: 12:00

HORA DE REMATE: 13:45

LISTA DE ASISTENTES:

Añel Cabanelas, María Elena
Atanes Limia, Xosé Manuel
Bravo Bosch, María José
Calviño Rodríguez, Xulio
Castro Mouzo, Mercedes
Cendón Alonso, María Teresa
Crespo Tobío, Silvia
Fernández Zunzunegui, Emilio
García Míguez, María de los Ángeles
Graña Nogueiras, Jesús
Izquierdo Martínez, Francisco Gustavo
Larriba Leira, María Elvira
Lesmes Romero, Yolanda
López Fernández, Yolanda
Macho Senra, Antonio
Martínez Alonso, David
Martíño Gómez, Antonio
Muleiro García, Avelino
Novoa Rodríguez, María Sol
Ortiz Álvarez, Ana María
Pedrosa Silva, Ernesto
Pérez Puga, Gerardo Ramón
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel

DESCULPARON ASISTENCIA:

Blanco Gómez, César
Caparrini Marín, Natalia
Gómez Xunqueira, Demetrio
Mollinedo Lois, Carlos
Ojea Bouzo, Armando
Santamaría Conde, Juan José

NON ASISTIRON:

Diz Folgar, Manuel

SECRETARIO:

Rodríguez Iglesias, Ignacio



O luns, 25 de marzo de 2024, ás 12:00 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

ORDE DO DÍA

- 1.** Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (28.12.2023).
- 2.** Informe do presidente.
- 3.** Informe do reitor.
- 4.** Aprobación inicial, se procede, da creación e da participación da Universidade de Vigo na Spin off ECOLABO, e contraprestacións aplicables, de ser o caso.
- 5.** Aprobación, se procede, da solicitude de apoio ao programa "eDestrezas", promovido dende a Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade, para fomentar as competencias dixitais de alumnado, PAS e PDI, con docencia en remoto.
- 6.** Acordo que proceda sobre a solicitude de axuda presentada pola Delegación de alumnos de Química, para a organización do Mes da Ciencia 2024.

Propostas informadas favorablemente e acordos da CAS (xuntanza do 22 de febreiro de 2024)

- 7.** Aprobación, se procede, da asignación das axudas previstas na convocatoria de Prácticums do Consello Social, correspondente a 2024.
- 8.** Aprobación, se procede, da realización dun estudo para medir o impacto socioeconómico e o valor social da UVigo, e avanzar na RSC da institución.
- 9.** Acordo que proceda sobre a proposta de colaboración presentada pola Vicerreitoría do campus de Pontevedra para desenvolver actividades en 2024.
- 10.** Outros acordos. Axudas e patrocinios.

Propostas con informe favorable e acordos da Comisión Económica (xuntanza do 29 de febreiro de 2024)

- 11.** Liquidación do orzamento da UVigo correspondente ao exercicio 2023. Carta de avance de auditoría.
- 12.** Informe que proceda sobre a modificación puntual da RPT da UVigo. Modificación de niveis de complementos de destino.
- 13.** Asignación de retribucións adicionais. Resolución relativa ao complemento de excelencia curricular docente e investigadora, convocatoria 2022.
- 14.** Elección dun novo ámbito para elaborar un informe de auditoría operativa de procedementos e sistemas, na UVigo.
- 15.** Outros asuntos. Control e seguimento da aplicación do Regulamento de xestión do patrimonio da UVigo, e da normativa de xestión de espazos universitarios. Convenios asinados en decembro de 2023 e xaneiro de 2024.

Asuntos remitidos polo Consello de Goberno (xuntanzas do 24 de xaneiro e 28 de febreiro de 2024)

- 16.** Declaración de interese de verificación/modificación de títulos de Grao, Máster e Programas de Doutoramento para o curso 2025/2026 (<https://www.uvigo.gal/estudar/que-estudar/implantacion-modificacion-titulacions>).
- 17.** Aprobación, se procede, dos prezos das residencias de estudantes para o curso 2024/2025.
- 18.** Designación de representante do Consello Social na Comisión de Estudos do Centro de Posgrao e Formación Permanente da UVigo.
- 19.** Rogos e preguntas.

O presidente agradece a asistencia e xustifica a convocatoria do pleno nesta data polos asuntos da orde do día que deben ser tramitados en tempo, sobre todo os de contido económico.



PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (28.12.2023).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente.

Ernesto Pedrosa dá conta do acto organizado polo Consello Social para cumprir o disposto na LOSU sobre a obriga de dar formación ao persoal da Universidade de Vigo sobre medidas de prevención e detección da fraude e o conflito de interese. Aclara que o artigo 47 adxudica ao Consello Social a función de velar polos principios éticos, a integridade académica e as directrices antifraude. Afirmo que se non funciona o *Compliance*, asume a responsabilidade o Consello Social. "Hai que planificar formación periódica -engade- para responsables universitarios, xestores, persoal directivo e cadros técnicos, e proporcionar capacitación para identificar e responder aos casos de risco, ademais de unificar criterios e compartir experiencias". Agradece á Xerencia a implicación na sesión na que participaron dous recoñecidos expertos neste campo, e agradece tamén a gran asistencia "porque precisamos profesionais expertos e con formación específica para transmitir que hai unha altura corporativa, normas e valores, e unha reputación que protexer".

En canto á orde do día, focaliza o punto 16 "que marca o horizonte formativo da UVigo": dous dobres graos e sete másteres, entre estes Enfermería, en Pontevedra. Subliña que se trata dunha medida provisional ata que o grao e máster se impartan nos tres campus, consonte as garantías dadas polo reitor "polo momento máis que suficientes".

Respecto dos datos da matrícula salienta que a UVigo resiste no limiar dos 20 mil alumnos, co fito de que 3.877 empezaron o grao neste curso, "a cifra máis alta dos sete últimos anos". Tamén apunta como positivo o dato de que o abandono nos tres primeiros anos é do 17,4%, fronte á taxa autonómica (25,3%) e a nacional (26,5%).

No ámbito da Conferencia de Consellos Sociais (CCS) refire os traballos que se están a desenvolver para promover unha acción conxunta para negociar o desenvolvemento da LOSU ante as diferentes administracións autonómicas; e o convenio coa Fundación Berstelman para elaborar un estudo que sirva de marco para impulsar a ensinanza dual nas universidades.

Entre a documentación remitida neste punto menciona as conclusións do estudo encargado pola CCS á Fundación REDFUE sobre as competencias máis demandadas de egresados universitarios, do que recomenda a súa lectura, e a achega de diferentes cadros "que reflicten o que somos, como somos, o que facemos e o que representamos", entre eles o resumo de todas as reunións do Consello Social en 2023 e unha comparativa dos dez últimos anos, as axudas concedidas no último quinquenio, o balance da asistencia dos representantes do Consello Social ás convocatorias externas, a evolución de xénero na conformación do Consello Social, a periodicidade dos plenos e a evolución dos orzamentos dos tres consellos sociais galegos e a porcentaxe que representan respecto das súas universidades.

Por último, o presidente agradece a asistencia de Xosé Manuel Atanes, María José Bravo, Xulio Calviño, Silvia Crespo, Emilio Fernández, Demetrio González, Jesús Graña, Yolanda López, Antonio Martiño, Avelino Muleiro e Juan Manuel Vieites a todos os plenos convocados en 2023, "extensible a cantos non puideron asistir por causas insuperables. Tamén felicita a Armando Ojea, que abandonará o Consello Social tras ser elixido parlamentario galego por Democracia Ourensana.

Finalmente agradece o traballo feito pola Comisión Económica, de xeito expreso ao presidente, Juan Manuel Vieites, e a cada un dos seus membros, "polo exercicio leal e transparente no que as preocupacións non se ocultan, os problemas non se escondan e os logros se recoñecen", cunha mención expresa á xerente, Yolanda Lesmes, pola receptividade e responsabilidade coas que respoosta ás peticións e suxestións da comisión.



PUNTO 3

Informe do reitor.

Manuel Reigosa centra a intervención nos pasos que se están a dar, os atrancos e as medidas que se están a tomar para posibilitar a implantación da LOSU, principalmente no que afecta á dedicación e aos cadros do profesorado (información na que profunda), a financiación do 1% do PIB e a internacionalización. Informa das negociación que se están a manter co Goberno Central e co Goberno Galego, e das novidades e moratorias que se están a acordar.

No tocante á Enfermaría dá conta das reunións con Sanidade e a incorporación da Escola de POVISA. Tamén reitera a previsión de que a facultade será unha con tres campus, e cun decanato rotatorio.

A unha pregunta de Elena Añel sobre a incidencia da LOSU no vindeiro curso respecto do profesorado, o reitor resposta pormenorizadamente sobre a situación recollida no programa de goberno, as previsións respecto dos asociados e a transformación en indefinidos, e a que o proceso farase en corresponsabilidade cos departamentos.

PUNTO 4

Aprobación inicial, se procede, da creación e da participación da Universidade de Vigo na Spin off ECOLABO, e contraprestacións aplicables, de ser o caso.

Manuel Reigosa explica o procedemento que contempla que este asunto volva de novo para aprobación definitiva despois de pasar polo Consello de Goberno, e salienta a importancia de que o coñecemento se transmita.

- ***Apróbase a proposta.***

PUNTO 5

Aprobación, se procede, da solicitude de apoio ao programa "eDestrezas", promovido dende a Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade, para fomentar as competencias dixitais de alumnado, PAS e PDI, con docencia en remoto.

O presidente dá lectura á carta de solicitude remitida dende a Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade e ás principais liñas que desenvolve a iniciativa. Lembra que o Consello Social xa apoiou esta iniciativa en anteriores edicións co mesmo importe de 12.000 euros.

- ***Apróbase a colaboración solicitada.***

PUNTO 6

Acordo que proceda sobre a solicitude de axuda presentada pola Delegación de alumnos de Química, para a organización do Mes da Ciencia 2024.

Xustifica Ernesto Pedrosa que este punto correspondería tratalo na Comisión de Actividades e Servizos, pero que se trae a Pleno debido á proximidade da data de celebración e para non quedar fóra de prazo. Propón unha aportación de 2.000 €, cantidade máxima establecida como criterio xeral para axudas a iniciativas do alumnado.

- ***Apróbase a aportación.***

PUNTO 7

Aprobación, se procede, da asignación das axudas previstas na convocatoria de Prácticums do Consello Social, correspondente a 2024.

Visto o informe favorable da comisión e a documentación que se achega, o prazo de solicitudes pechouse con 12 peticións, dúas menos que na convocatoria anterior (Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra e Facultade de Educación e Traballo Social de Ourense). O importe das axudas solicitadas descende de 60.326 € a 52.225 € (para unha dispoñibilidade de 30.000 €). Ponderando os diferentes criterios contidos nas bases da convocatoria, as axudas concedidas sitúanse entre os 1.500 € a Historia e os 3.100 € a Enxeñaría Industrial e Ciencias Xurídicas e do Traballo.

- ***Apróbase a distribución das axudas.***



PUNTO 8

Aprobación, se procede, da realización dun estudo para medir o impacto socioeconómico e o valor social da UVigo, e avanzar na RSC da institución.

Na documentación que se achega recóllese que o traballo será asumido por profesores do departamento de Organización de Empresas e Marketing da UVigo. Nel definiranse as variables e indicadores para configurar o instrumento de medición do valor social que aporta a UVigo, e posteriormente cuantificarase cun estudo expreso focalizado nos principais grupos de interese que se relacionan coa universidade. O traballo a desenvolver posibilitará seguir profundando no ámbito da Responsabilidade Social Corporativa da UVigo, e mesmo na súa medición.

- ***O Pleno ratifica unha aportación de 9.000 € + IVE.***

PUNTO 9

Acordo que proceda sobre a proposta de colaboración presentada pola Vicerreitoría do campus de Pontevedra para desenvolver actividades en 2024.

O presidente da lectura aos aspectos máis salientables da documentación que se achega, sinalando que o acordo ten como obxectivo principal dar impulso ao Campus CREA, e implicar e vincular ao estudantado coa actividade e o espazo universitario. Apoiaranse, entre outras iniciativas, xornadas de divulgación e difusión da investigación que se está a facer no Campus, sobre todo en áreas creativas; exposición pública das coleccións universitarias e apertura a outros centros educativos ou a interesados en utilizar os materiais como posibles temas dos traballos de fin de Grao ou Máster; tamén para potenciar espazos para a reflexión dos alumnos sobre diferentes temáticas, ou para a información da vida do Campus.

- ***O Pleno ratifica unha aportación de 11.000 €.***

PUNTO 10

Outros acordos. Axudas e patrocinios.

Os asistentes reciben a documentación de todos os acordos restantes adoptados pola Comisión, dos seus contidos e dos patrocinios e axudas concedidas en cada caso.

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTO 11

Liquidación do orzamento da UVigo correspondente ao exercicio 2023. Carta de avance de auditoría.

Intervén Juan Manuel Vieites. Agradece o recoñecemento de Ernesto Pedrosa ao traballo da Comisión Económica, que preside, e dá conta do tratado na devandita comisión. Dunha banda o informe favorable á liquidación do orzamento do exercicio 2023 dado que amosa un resultado de +3.447.081,15 €, cifra positiva e que indica a correcta execución. No tocante á tesouraría sinala que a cifra é moi boa, polo que propón que se informe favorablemente. Por outro lado, en relación co remanente expón que a cifra que se presenta en febreiro (3.111.091,07 €) dista moito do remanente de tesouraría dispoñible do exercicio 2023 presentado pola Xerencia o pasado mes de decembro (19.011.844,45 €), o que supón unha desviación sobre os cálculos iniciais de -15.900.753,38 €.

Engade que hai que ter en conta que existe un axuste polos saldos de dubidoso cobro de 5.737.261,39 € que no caso de ser cobrados elevarían o remanente de tesouraría a 8.848.352,46 € cifra tamén moi diferente da inicialmente prevista.

Lembra que o orzamento da UVigo para 2024 foi aprobado na Comisión Económica logo dun fondo debate, advertindo do risco que representa utilizar un remanente libre elevado sen explicar o seu uso para actuacións concretas, dado que podería implicar unha liquidación negativa do exercicio, "e no caso de que eses recursos para financiar o orzamento de gastos fosen unha necesidade estrutural que se repetise en sucesivos exercicios, podería levar a un déficit estrutural das contas da UVigo".

Ante este escenario, Vieites informa que a comisión acordou facer unha serie de recomendacións ao equipo económico da UVigo, que foron asumidas pola Xerencia:



1.- Buscar novas fontes de financiación non afectada para cubrir o déficit entre o remanente de tesouraría dispoñible utilizado para financiar o orzamento de gastos de 2024.

2.- Reducir o orzamento de gastos na contía que estime oportuna para evitar que o remanente de tesouraría dispoñible ao finalizar o exercicio 2024 sexa negativo, o que implicaría un grave trastorno para a Universidade que podería implicar -segundo o artigo 57 da LOSU- que a Comunidade Autónoma tivera que intervir para garantir a estabilidade da institución.

3.- Realizar as xestións precisas para cobrar os saldos de dubidoso cobro de cara a incrementar a cifra do remanente provisional de tesouraría dispoñible.

Remata manifestando que os desfases detectado prodúcense principalmente no capítulo I.

- ***O Pleno informa favorablemente a liquidación e dáse por informado.***

PUNTO 12

Informe que proceda sobre a modificación puntual da RPT da UVigo. Modificación de niveis de complementos de destino.

Como complemento da documentación que se xunta, e despois do tratado na comisión (na que se explica que a LOSU atribúe expresamente a aprobación desta materia ao Consello de Goberno, polo que se aborda atendendo ao disposto nos Estatutos da UVigo e na Lei 6/2013 do SUG, ademais de que así o aconsellan as funcións que o Consello Social ten de supervisión do funcionamento económico, pola importancia dos gastos de persoal no orzamento universitario e polo que se se lle recoñece na asignación de complementos retributivos, sen prexuízo do que decida no seu momento o desenvolvemento autonómico da LOSU), Juan Manuel Vieites sinala que se solicitou -e se atopou a receptividade dá Xerencia- para que os dous casos que quedan no nivel 21 (un deles é o posto da Secretaría do Consello Social) pasen tamén ao nivel 22.

- ***O Pleno informa favorablemente.***

PUNTO 13

Asignación de retribucións adicionais. Resolución relativa ao complemento de excelencia curricular docente e investigadora, convocatoria 2022.

- ***O Pleno aproba a asignación.***

PUNTO 14

Elección dun novo ámbito para elaborar un informe de auditoría operativa de procedementos e sistemas, na UVigo.

Explica o presidente que na comisión se tomou o acordo de encargar para 2024 unha auditoría operativa sobre a Intervención. Precisa que se focalizará na intervención dos gastos máis representativos da universidade, referidos ao capítulo I.

- ***O Pleno dá a súa conformidade.***

PUNTO 15

Outros asuntos. Control e seguimento da aplicación do Regulamento de xestión do patrimonio da UVigo, e da normativa de xestión de espazos universitarios. Convenios asinados en decembro de 2023 e xaneiro de 2024.

Resume e enumera o presidente os temas recollidos neste punto, facendo unha reflexión sobre a conveniencia de que a UVigo non asuma déficits na prestación de servizos como o aluguer do uso de espazos ou na xestión das residencias.

- ***O Pleno dáse por informado.***

A xerente, Yolanda Lesmes, pecha este bloque cunha intervención na que afirma compartir o exposto polo presidente da Comisión Económica, da que forma parte, e agradece o traballo que se está a facer.



PUNTO 16

Declaración de interese de verificación/modificación de títulos de Grao, Máster e Programas de Doutoramento para o curso 2025/2026 (<https://www.uvigo.gal/estudar/que-estudar/implantacion-modificacion-titulacions>).

Informa o reitor que o procedemento está aínda nunha fase previa de recepción de propostas, e que haberá que esperar a que siga avanzando o calendario para ver cales quedan ao final, momento no que deberá intervir o Consello Social co seu informe.

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTO 17

Aprobación, se procede, dos prezos das residencias de estudantes para o curso 2024/2025.

Abórdase este punto, tratado xa na Comisión Económica, na que se solicitou coñecer o nivel de ocupación das residencias e a evolución dos prezos.

- ***Apróbase a táboa proposta.***

PUNTO 18

Designación de representante do Consello Social na Comisión de Estudos do Centro de Posgrao e Formación Permanente da UVigo.

Ernesto Pedrosa comunica a proposta de designación de César Blanco para asumir esta representación, por ser un perfil profesional acaído e polo compromiso demostrado en anteriores responsabilidades que asumiu en nome do Consello Social. Agradécelle expresamente ao nomeado que houbese aceptado a encomenda.

- ***O Pleno dá a súa conformidade.***

PUNTO 19

Rogos e preguntas.

Intervén José Manuel Atanes para compartir conclusións de interese que atopou trala lectura do informe REDFUE. Accede a remitilas para que poidan ser difundidas entre os membros.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:45 horas do 25 de marzo de 2024, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e Pr.,
O presidente do Consello Social,
Ernesto Pedrosa Silva
(Asinado dixitalmente)

O secretario,
Ignacio Rodríguez Iglesias
(Asinado dixitalmente)